

A hand pointing upwards with a network diagram overlay. The background is a solid blue color. A hand is shown from the wrist up, pointing its index finger upwards. Overlaid on the hand and the background is a network diagram consisting of several circular nodes connected by thin lines. Each node contains a stylized human figure icon. The nodes are arranged in a roughly circular pattern around the hand, with some nodes connected to the hand itself.

CEIP Plurilingüe Chancelas

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. **Introdución**
 - 1.1. Datos básicos do centro
 - 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
 - 1.3. Breve xustificación do mesmo
 - 1.4. Proceso de elaboración

2. **Situación de partida**
 - 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
 - 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
 - 2.3. Análise DAFO

3. **Plan de Acción**
 - 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
 - 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. **Avaliación do PD**
 - 4.1. Seguimento do Plan de Acción
 - 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. **Difusión do PD**

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

CEIP Plurilingüe de Chancelas

Rúa Xunqueiro s/n 36993, Combarro (Poio) Pontevedra

ceip.chancelas@edu.xunta.gal

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipchancelas>

Etapas educativas: Educación Infantil e Educación Primaria

Nº de alumnado: 220

Nº de profesorado: 18

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O centro atópase nas aforas da vila de Combarro, no Concello de Poio, Pontevedra. Cun nivel socioeconómico medio a maioría das familias adícase ao sector primario ou de servicios.

O Plan Dixital conecta co Proxecto Educativo do centro na liña de mellora e introducción das Novas Tecnoloxías que comezou no curso 2020-2021 co entrada no proxecto Edixgal.

Outro dos proxectos no que xa participa o centro dende hai anos é o de “Escolas Conectadas”.

Encadrado dentro do Proxecto de Mellora de Bibliotecas Escolares (PLAMBE) o centro participa do Plan “Bibliotecas Creativas” dende o curso 2020-2021 coa introducción da robótica no centro a través dos “Escornabots” e a Impresión 3D.

Ademáis no centro desenvolveuse un Plan de Iniciación ás Tecnoloxías da Información e a Comunicación para 3º e 4º de Educación Primaria, no que se establecen unha serie de obxectivos básicos relacionados coa Competencia Dixital e as Competencias de Alfabetización ALFIN/AMI.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A elaboración deste Plan Dixital baséase nas indicacións da LOE 2/2006 que no seu art. 111 bis no seu apartado 5 indícanos que: *“Las Administraciones educativas y los equipos directivos de los centros promoverán el uso de las tecnologías de la información y la comunicación (TIC) en el aula como medio didáctico apropiado y valioso para llevar a cabo las tareas de enseñanza y aprendizaje. Las Administraciones educativas deberán establecer las condiciones que hagan posible la eliminación en el ámbito*

escolar de las situaciones de riesgo derivadas de la inadecuada utilización de las TIC, con especial atención a las situaciones de violencia en la red. Se fomentará la confianza y seguridad en el uso de las tecnologías prestando especial atención a la desaparición de estereotipos de género que dificultan la adquisición de competencias digitales en condiciones de igualdad.”

Ademáis no seu apartado 7 indícanos que: *“Las Administraciones públicas velarán por el acceso de todos los estudiantes a los recursos digitales necesarios, para garantizar el ejercicio del derecho a la educación de todos los niños y niñas en igualdad de condiciones. En todo caso, las tecnologías de la información y la comunicación (TIC) y los recursos didácticos que se empleen, se ajustarán a la normativa reguladora de los servicios y sociedad de la información y de los derechos de propiedad intelectual, concienciando en el respeto de los derechos de terceros.”*

Ademáis no seu art. 121 esta lei establece que: *“El proyecto educativo del centro recogerá asimismo la estrategia digital del centro, de acuerdo con lo establecido en el artículo 111 bis.5.»”*

Tamén se basea este Plan Dixital na Disposición adicional 5º da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional para o curso 2021-2022, que nos indica que: *“Plan digital de centro. Los centros docentes elaborarán en el curso 2021/22 su plan digital de acuerdo con las instrucciones que se dicten.”*

E a Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022 que establece no seu artigo 3º, o *Procedemento de deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital.*

1.4. Proceso de elaboración

Para a elaboración deste Plan Dixital creouse un equipo de traballo de dez persoas, tendo presenza no mesmo docentes de todas as etapas educativas, especialidades e departamentos.

Externamente liderado por un mentor Adix, no centro encargáronse de dirixir o proceso a Directora do centro e o Coordinador TIC.

Os primeiros pasos foi a participación nos Test Selfie e CDD, cumprimentados pola totalidade do centro de xeito individual, así como polo alumnado de 5º e 6º.

Posteriormente e despois da formación correspondente elaborouse o DAFO a través de pequenos equipos de dúas ou tres persoas que posteriormente puxeron todo en común nunha reunión grupal que cristalizou no DAFO final do centro. Froito desa posta en común e reflexión sobre as verdadeiras necesidades de futuro, xerouse unha Plan de

Acción cunha serie de obxectivos, indicadores e accións que se incorporan nas táboas do apartado 3 deste documento.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

A **infraestrutura dixital** do centro é boa. Participamos no proxecto Escolas Conectadas e actualmente temos acceso a Internet por Ethernet e vía Wi-Fi con fibra de alta velocidade.

Dispoñemos de dúas redes Wi-Fi:

- A corporativa: edu.xunta.es
- A específica ABALAR para o proxecto E-Dixgal

En canto a equipación é informática dispoñemos de equipos modernos e actualizados en propiedade. Cada unha das tres aulas de etapa de infantil dispoñen dun portátil de última xeración, conexión de alta velocidade e un proxector individual en cada aula, ademáis dun no espacio común coñecido como Ludoteca.

No que se refire as aulas de Primaria, dispoñen de ordenadores de última xeración en propiedade con conexión de alta velocidade, proxector e pizarra dixital na aulas de 3º, 4º, 5º e 6º. No caso das aulas de 5º e 6º dispoñemos do kit de escolas conectadas co ordenador E-Dixgal. O alumnado dispón cada un dun portátil Lenovo. O profesorado que imparte nas aulas E-Dixgal, dispón cada un dun ordenador portátil Acer ou HP.

Tamén existe ordenador e proxector na aula de Música e no Ximnasio.

Ademáis dispoñemos dun proxector no espazo coñecido como Salón de Actos.

Na sala de profesorado dispónse de tres ordenadores de última xeración con acceso a Internet. Tamén sucede o mesmo na Orientación, Dirección e a Biblioteca onde tamén hai un proxector. Todos os ordenadores atópanse conectados pola rede Ethernet do centro ás dúas fotocopiadoras das que dispoñemos.

O centro dispón de fío musical e microfonía interna xestionado dende o despacho de Dirección a través dun portátil de Xefatura de Estudos.

Temos un estudio de Radio Escolar composto por un ordenador HP de última xeración, unha mesa de mesturas, microfonía, auriculares e todo o cableado necesario para un bo funcionamento.

O centro dispón tamén dun *espazo maker* composto por un estudio de televisión cunha parede croma, focos de iluminación, sets de televisión, teleprompter, trípodes de video, unha

cámara de fotos/video de última xeración, claqueta, pértiga, gravadora de son profesional e microfonía inalámbrica. Á súa vez este espazo dispón de varios robots escornabot e dúas impresoras 3D. Tamén dispoñemos de 5 tabletas iPad e unha Lenovo, así como un dron para gravacións aéreas. Temos material complementario como pértigas e trípodas para facilitar a ensinanza mixta no caso de que algún alumando deba permanecer na casa.

Dentro da atención ás necesidades dixitais dispoñemos de sete equipos portátiles con módem independente para atender a esta educación mixta.

O centro dispón de 16 equipos Chromebook para levar a cabo o Plan de Iniciación ás Tecnoloxías da Información e Comunicación de 3º e 4º de Primaria.

En canto aos **servizos dixitais do centro**, a [web corporativa](#) é o punto neuráxico do que se ramifican o resto das plataformas:

- [Aula Virtual](#) e gSuite para Educación.
- espazoAbalar
- Abalarmóbil e Tokapp.
- [Bitácora da Biblioteca](#) e [bitácora da etapa de Infantil](#).
- Canle de Youtube chamada [RABI TV](#) e [canle de podcasts de Radio Chancelas](#)
- Canle de [Tik Tok](#)
- Bitácora do [Equipo de Dinamización da Lingua Galega](#)
- Bitácora do PDI e base informativa do centro, [Chancelas Informa!](#)
- Web de [Alimentación Saudable](#).

No que se refire a **xestión do mantemento do equipo do centro** encárganse pola seguinte orde de preferencia:

- Coordinador TIC
- Servizo premium

- UAC
- Tenda de informática da vila

As incidencias TIC detéctanse a través dun [formulario de incidencias](#) dispoñible para o profesorado do centro dende a web corporativa. As incidencias resólvense como moi tarde no prazo dunha semana.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	4				
	Profesorado	4.2				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	4				
	Profesorado	3.7				
	Alumnado	4.6				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4.4				
	Profesorado	4.3				
	Alumnado	5				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4.1				
	Profesorado	4.1				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3.8				
	Profesorado	4.3				
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	4.3				
	Profesorado	4.3				
	Alumnado	4.7				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3.4				
	Profesorado	3.6				
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	4.2				
	Profesorado	4.2				
	Alumnado	4.7				

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	14	15	93,3%
PROVISIONAL	1	1	100%
INTERINO	1	1	100%
SUBSTITUTO	1	1	100%

DESPRAZADO	1	2	50%
------------	---	---	-----

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
87,8	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF.	80,6	Integrador/a (B1)	68,2	Integrador/a (B1)
PRI.	97,3	Experto/a (B2)	77	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
Explorador/a A2	5	27,8%
Integrador/a B1	4	22,2%
Experto/a B2	7	38,9%
Líder C1	1	5,6%
Pioneiro/a C2	1	5,6%
TOTAL	18	100%

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CA TE GO RÍ AS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ol style="list-style-type: none"> O noso centro respalda a ensinanza e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais modernas e actuais para o profesorado. No noso centro hai dispositivos dixitais modernos e actualizados que o profesorado emprega para a súa labor docente. O centro conta cunha conexión de Internet de alta velocidade, tanto por cable como por wifi. O noso centro dispón de asistencia técnica capaz de resolver as incidencias nun breve espazo de tempo. No noso centro coñécense os sistemas de protección de datos e téñense en conta co noso alumnado. Aproveitamento dos servizos dixitais corporativos que nos oferta a Xunta. O profesorado aproveita as actividades formativas individuais organizadas pola Administración Educativa, sendo promovidas por parte do equipo directivo. 	<ol style="list-style-type: none"> A pesares de que o alumnado emprega os ordenadores Edixgal, é descoñecedor de que emprega software libre e das súas vantaxes (28% non coñece)

		<p>8. A información da web do centro é clara e precisa para o noso alumnado.</p> <p>9. O profesorado do centro participa cada ano dos PFPP.</p> <p>10. O alumnado é capaz de seguir as súas tarefas a través das aula virtuais do centro.</p> <p>11. O equipo directivo coñece a normativa de adquisición de equipamento informático.</p> <p>12. O centro difunde información das actividades académicas do alumnado a través das diferentes plataformas dixitais.</p> <p>13. O profesorado está satisfeito co emprego que se fai do software libre no noso centro.</p> <p>14. Todo o noso alumnado dispón na súa casa de software libre para facer as actividades propostas do centro.</p>	
<p>PERSOAL DOCENTE</p>		<p>1. O profesorado recibe apoio do equipo directivo cando quere introducir ensino a través de novas tecnoloxías dixitais.</p> <p>2. Avaliamos os nosos progresos en materia de ensino e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.</p> <p>3. Debatimos sobre vantaxes e desvantaxes do ensino/aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.</p> <p>4. Utilizamos tecnoloxías dixitais ao colaborar con outras organizacións.</p> <p>5. O Equipo Directivo e o profesorado reflexiona sobre a necesidade de DPC no relativo ao ensino con tecnoloxías dixitais.</p> <p>6. O profesorado e o alumnado comparte as experiencias, e traballos dixitais co fin de motivar e axudarnos entre toda a comunidade educativa</p> <p>7. O profesorado busca e emprega recursos dixitais en liña para fomentar a aprendizaxe na súa aula.</p> <p>7. O profesorado crea recursos dixitais para reforzar o seu método de ensinanza.</p> <p>8. O profesorado emprega entornos virtuais de aprendizaxe como a aula virtual, correo corporativo, ... sobre todo co alumnado dos cursos superiores e se fai un uso diario de eles.</p> <p>9. Emprégase diferentes medios para comunicarnos con toda a comunidade educativa: correo corporativo, tokApp School, Classroom, ...</p> <p>10. A través dos diferentes recursos dixitais damos pé a fomentar a creatividade e a que cada alumno/a desenvolva as súas potencialidades dun xeito diferente, máis motivador e cunha maior implicación do alumnado.</p> <p>11. Empregando diferentes recursos dixitais realizamos no centro proxectos interdisciplinares como o PDI a nivel de centro ou pequenos proxectos a nivel de aula.</p>	<p>1. A pesares de que o profesorado crea moito contido dixital para a mellora da súa ensinanza a percepción deste material é baixa por parte do equipo directivo.</p> <p>2. Un 25% do profesorado non se sente seguro considerando que os medios dixitais faciliten a retroalimentación personalizada e o apoio do alumnado.</p> <p>3. A metade do profesorado considera a falta de tempo como un factor determinante para o emprego da tecnoloxía nas aulas</p>
<p>PERSOAL NON DOCENTE</p>		<p>1. O profesorado realiza boas prácticas ao intercambiar experiencias dixitais co persoal auxiliar educativo como a <i>assistant</i>.</p> <p>2. O centro dispón de recursos educativos en liña como a web corporativa, aula virtual e blog promovidos polo equipo directivo para a posta en común de traballos relacionadas coa <i>assistant</i> de inglés.</p>	

	ALUMNADO	<p>1. O alumnado ten á súa disposición dispositivos dixitais modernos e conectados a Internet como portátiles, chromebooks e tabletas que pode empregar.</p> <p>2. O alumnado ten coñecemento sobre o manexo seguro en internet.</p> <p>3. O alumnado sabe como actuar de forma responsable en Internet.</p> <p>4. O alumnado sabe comunicarse utilizando tecnoloxías dixitais.</p> <p>5. O alumnado sabe verificar a información.</p> <p>6. O alumnado sabe crear contidos dixitais.</p> <p>7. O alumnado valora o traballo doutras persoas.</p>	
	FAMILIAS	<p>1. O centro dispón de recursos educativos en liña como a web corporativa, aula virtual e blog promovidos polo equipo directivo para a posta en común de traballos coas familias.</p> <p>2. Empréganse diferentes medios para comunicarnos con toda a comunidade educativa: correo corporativo, tokApp School, Classroom, ...</p>	1. Case a metade do profesorado detecta unha baixa competencia dixital nas familias que impide o aprendizaxe mixto.
	OFERTA	<p>1. O centro oferta ensino a través de tecnoloxías dixitais como a liña Edixgal da Xunta, Aulas Virtuais e tamén dispón de kits inarámicos para o alumnado con necesidades de conexión.</p> <p>2. O centro dispón de recursos educativos en liña como a web corporativa ou blogs promovidos polo equipo directivo para a oferta dos distintos servizos.</p>	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<p>1. O equipo directivo e o profesorado desenvolven a estratexia dixital de centro en colaboración.</p> <p>2. No noso centro contamos con estratexia dixital clara e definida nos documentos internos.</p> <p>3. Existe un apoio claro do equipo directivo para que o profesorado explore novas formas de ensinanza con medios dixitais.</p> <p>4. No noso centro avaliamos os nosos progresos en materia de ensinanza e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.</p> <p>5. Dispoñemos de asistencia técnica interna e externa cando xurden problemas coa tecnoloxía.</p>	1. A estratexia dixital de centro semella percibida con máis claridade o profesorado que o propio equipo directivo.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<p>1. O 80% do noso alumnado xa é coñecedor dos avisos que chegan á súa familia pola aplicación abalarMobil.</p> <p>2. Dispoñemos de asistencia técnica cando xurden problemas coa tecnoloxía nos cursos edixgal.</p> <p>3. No noso centro facilítase acceso a Internet para a ensinanza e aprendizaxe incluso na casa con kits de conexión por tarxeta SIM</p> <p>4. O centro conta cunha conexión de Internet de alta velocidade, tanto por cable como por wifi.</p> <p>5. O noso centro respalda a ensinanza e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais modernas e actuais para o profesorado.</p> <p>6. No noso centro hai dispositivos dixitais modernos e actualizados que o profesorado emprega para a súa labor docente.</p>	

LEXISLACIÓN	1. No noso centro coñécense os sistemas de protección de datos e téñense en conta co noso alumnado.	
CONTORNA		1. Un 14% do profesorado considera que non é útil coñecer as experiencias doutros centros.
ANPA		
OUTRAS ENTIDADES	1. No noso centro empregamos tecnoloxías dixitais ao colaborar con outras organizacións.	

3. Plan de Acción

No noso Plan de Acción quixemos poñer unha serie de obxectivos realistas e alcanzables que supoñan unha mellora real e tanxible cos recursos dos que dispoñemos no Centro.

Somos conscientes da realidade cambiante e das necesidades emerxentes que cada curso poden presentarse por iso plantexámolo como un marco flexible e en constante cambio que nos permita adaptarnos ás novidades, nesa liña o equipo de centro participa na maioría dos proxectos relacionados coas TIC que chegan ao mesmo.

Así o centro participou no I Congreso de Innovación Educativa, aportando proxectos e tamén coa alumnado como centro visitante.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Para levar a cabo o noso Plan de Acción en primeiro lugar acudimos ao noso DAFO para poder establecer unhas áreas prioritarias e así determinar os noso obxectivos específicos, medibles, alcanzables, relevantes e con axuste a un marco temporal.

Estes obxectivos contextualizámolos en relación coas áreas de mellora do marco DigCompOrg. Para elo levamos a cabo un debate interno no equipo que elaborou o DAFO xestionado pola directora do centro e o coordinador TIC.

As áreas de mellora escollidas foron LIDERADO (A), DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO (D), PEDAGOXÍA: APOIO E RECURSOS (E) e COMPETENCIAS DIXITAIS DO ALUMNADO (H)

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Para levar a cabo o noso Plan de Acción non é necesario ningún equipamento a maiores do que xa temos no centro ou algunha infraestrutura externa coa que xa traballamos como o CFR ou o noso asesor SIEGA.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

“Área/s de mellora”: Liderado (A)							
1. OBXECTIVO (1):	Mellorar a competencia dixital das familias para favorecer un aprendizaxe mixto					Acadado	
RESPONSABLE:	Xefa Departamento de Orientación					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Uso das ferramentas dixitais de software libre						
Valor de partida (3)	50% do profesorado detecta baixa competencia dixital nas súas familias						
Valor previsto e data (4)	Un 10% do profesorado detecte esa baixa competencia				30 de xuño 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
AO1.1: Reunións co profesorado para o coñecemento do software libre	Coordinador TIC	20/12/2023	Espazo de reunión. - Materiais (equipos informáticos, funxible, ...).		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.2: Reunións coas familias por niveis para o uso da ferramenta ABALAR.	Xefa Departamento de Orientación	31/03/2023	- Espazo de reunión. - Materiais (equipos informáticos, funxible, ...).		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A01.3: Enquisa ao profesorado e ás familias sobre o uso do software libre	- Membro do equipo directivo. - Coordinador/a TIC.	30/06/2023	- Materiais (equipos informáticos, funxible, ...).		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

“Área/s de mellora”: Pedagogía:Apoio e Recursos (E)						
2. OBXECTIVO (1):	Coñecer e difundir experiencias propias e de centros especialmente relevantes				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo Directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Coñecer outras experiencias					
Valor de partida (3)	Un 14% non valora as experiencias doutros centros					
Valor previsto e data (4)	Todo o profesorado valore como positivas outras experiencias			30 de xuño 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A02.1: Reunións co profesorado e co CFR	Coordinador/a PFPP	20/12/2023	Espazo de reunión. - Materiais (equipos informáticos, funxible, ...). - CFR		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.2: Visitas a outros centros da contorna	Xefa de estudos	31/03/2023	- Espazo de reunión. - Materiais (equipos informáticos, funxible, ...).		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.3: Enquisa ao profesorado	- Membro do equipo directivo	30/06/2023	- Materiais (equipos informáticos, funxible, ...).		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: Competencias dixitais do alumnado (H)							
3. OBXECTIVO (1):	Dar a coñecer o emprego do software libre por parte do alumnado					Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador TIC					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Emprego de software libre por parte do alumnado						
Valor de partida (3)	Un 28% non coñece o uso do software libre						
Valor previsto e data (4)	Familiarizar a todo o alumnado co emprego do software libre				30 de xuño 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
AO3.1: Reunións co profesorado titor de Edixgal	Coordinador/a TIC	20/12/2023	Espazo de reunión. - Materiais (equipos informáticos, funxible, ...). - CFR		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO3.2: Facer tarefas co alumnado que impliquen o emprego de soft. libre	Titorías Edixgal	31/03/2023	- Aula - Materiais (equipos informáticos, funxible, ...).		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A03.3: Enquisa ao alumnado	Coordinador TIC	30/06/2023	- Materiais (equipos informáticos, funxible, ...).		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

“Área/s de mellora”: Desenvolvemento Profesional continuo (D)						
4. OBXECTIVO (1):	Dar a coñecer as creacións dixitais do profesorado nunha plataforma común do centro				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Visibilización do contido dixital creado polo profesorado					
Valor de partida (3)	Ningunha plataforma específica para mostrar o contido dixital creado polo profesorado					
Valor previsto e data (4)	Unha bitácora ou web específica			30 de xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO4.1: Reunións co profesorado	Coordinador/a TIC	20/12/2023	Espazo de reunión. - Materiais (equipos informáticos, funxible, ...). - CFR		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Creación da bitácora	Coordinador/a TIC	31/03/2023	- Espazo web - Materiais (equipos informáticos, funxible, ...).		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.3: Posta en común co profesorado	Coordinador TIC	30/06/2023	- Materiais (equipos informáticos, funxible, ...).		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: Desenvolvemento Profesional continuo (D)							
5. OBXECTIVO (1):	Afianzar o emprego de medios dixitais para a aprendizaxe autónoma do alumnado					Acadado	
RESPONSABLE:	Xefatura de estudos					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Valorar as posibilidades do emprego dos medios dixitais paraa aprendizaxe autónoma do alumnado						
Valor de partida (3)	25% do profesorado descoñece ou se sente inseguro cos medios dixitais						
Valor previsto e data (4)	100% do profesorado seguro co emprego dos medios dixitais				30 de xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
A05.1: Reunións co profesorado e co CFR	Coordinador/a PFPP Claustro de mestres/as	20/12/2023	Espazo de reunión. - Materiais (equipos informáticos, funxible, ...). - CFR		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A05.2: Posta en marcha de emprego dos medios dixitais	Coordinador/a PFPP Claustro de mestres/as	31/03/2023	- Espazo web - Materiais (equipos informáticos, funxible, ...).		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A05.3: Enquisa de emprego dos medios dixitais	Xefatura de estudos	30/06/2023	- Materiais (equipos informáticos, funxible, ...).		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

4. Avaliación do plan

Ao tratarse dun documento flexible e adaptable ás distintas circunstancias que poidan xurdir durante o desempeño da docencia, tal e como se reflicte no plan de acción existirán dous momentos principais de avaliación:

- A **avaliación dos procesos**, que se levará a cabo ao final de cada trimestre, onde se valorarán cada unha das accións levadas a cabo para a consecución dos obxectivos establecidos, establecendo se son necesarias modificacións ou propostas de mellora.
- A **avaliación final** de todos os procesos. Levarase a cabo ao finalizar o curso para detectar posibles novas necesidades así como ver o grado de consecución dos obxectivos establecidos inicialmente ou das propostas de mellora levadas a cabo.

5. Difusión do plan

O Plan Dixital estará incluído dentro dos documentos organizativos do centro e polo tanto aprobarase no claustro dándose a coñecer tamén no Consello Escolar.

Para darse a coñecer de xeito xeral o plan será de acceso público na Páxina Web oficial do Centro xunto con outra documentación.